

# constrúes ou destrúes?

por unha sociedade igualitaria:  
**NON á violencia machista**



**25 de novembro**

Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller





1

## “ERRADIQUEMOS O SEXISMO”

### OBXECTIVO

Sensibilizar á comunidade educativa acerca do significado e as consecuencias do sexismo e a violencia exercida contra as mulleres

### METODOLOXÍA

Gran grupo. Toda a clase

### ACTIVIDADE

1. Ler e explicar á clase a seguinte definición:

“O sexismo implica actitudes de desigualdade e xerarquización por razón de sexo, asignándolle á muller características negativas polo simple feito de ser muller. Pode manifestarse en forma de abuso psicolóxico na parella, e mesmo chegar ao abuso físico.


2. Facer fincapé en que todas as persoas merecemos respecto independentemente do noso sexo.

3. Presentar á clase as seguintes frases e anotar Verdadeiro ou Falso ao lado de cada unha segundo o que o alumnado vaia opinando:

- As nenas son unhas medosas
- As mulleres teñen como tarefa coidar da casa e dos fillos
- Os homes son máis listos que as mulleres
- As mulleres choran e os homes non

4. Analizar as respostas e comparar por xéneros





2

## DECÁLOGO CONTRA A VIOLENCIA

**N**aciches, e agora que?  
**N**o cres que non paga a pena?  
**N**inguén pode facerche crer iso



**V**alora todo o que es e tes  
**I**nventa cada día como se fose novo  
**O**lla o mundo como algo teu  
**L**ibérate de todo o innecesario  
**E**mprende aventuras que te fagan sentir ben  
**N**in se che ocorra deixar de rir  
**C**oas demais persoas, se indulxente  
**I**gnora todo aquilo que che impida medrar  
**A**prende de novo se te equivocaches en todo o anterior



### ACTIVIDADE

Comentade a importancia de cada frase para loitar contra a violencia. Escolle a frase que máis importancia ten para ti e explica aos demais por que che resulta especialmente atractiva. Indica a que che parece máis relevante para as mulleres que sofren violencia de xénero e explica as túas razóns para destacala.

Inventade, en grupos, un decálogo coa palabra : **IGUALDADE**  
 Logo facede un mural con todos eles na aula, e explicade ao resto de compañeiras e compañeiros por que escollestes cada frase.



3

# ESTEREOTIPOS FÓRA!

## ACTIVIDADE

Trátase de detectar os estereotipos de xénero entre o alumnado. Para iso suxerimos que cada alumna e cada alumno escriba 5 motivos polos que lles gusta ser nena ou neno. A continuación deberán escribir outras 5 razóns polas que lles gustaría ser do sexo oposto.



Prestarase especial atención ás valoracións negativas sobre o outro sexo e pedirase ao alumnado que ilustren con situacións concretas aquelas valoracións que realizaron. En todo momento tentárase evitar que o debate derive nunha "guerra de sexos", e tratarase de buscar contraexemplos que indiquen que os estereotipos detectados son produto da educación sexista da nosa sociedade.



Farase, a modo de conclusión, unha posta en común sobre os aspectos positivos de todas e cada unha das características expresadas entre o alumnado, así como as súas posibles consecuencias negativas.

A actividade tamén pode desenvolverse en grupo a través de debuxos. Elaboraranse as siluetas dunha nena e un neno e pedirase ao alumnado que coloque con pegatinas as características delas e deles. A medida que a actividade avance darase a oportunidade para que se movan ou incorporen novas pegatinas, promovendo que o alumnado revise os seus prexuízos.



4

## O 25 DE NOVEMBRO: UN DÍA QUE NON É UN CONTO

O día Internacional contra a violencia cara ás mulleres non é un conto, é unha dura, durísima realidade que millóns de mulleres –en todo o mundo e de todas as “clases económicas”– sofren a diario. Pero esta violencia exercida contra nós forma parte dun papel adxudicado á muller, que se transmitiu de xeración en xeración e que moitas de nós recibimos como algo natural a través dos contos tradicionais que lemos desde pequenas. Imos cambiar o conto!

### ACTIVIDADES

4.1.- O mural das causas (cada mes unha causa, un valor). Dedicar o mes de novembro a traballar a sensibilización contra a violencia machista. Ao longo do mes, todo o colexio vai dando contido ao tema e enchendo o mural colectivo con textos, fotos, debuxos, etc.



4.2.- Espazo contra a violencia machista, cos lazos e nomes das mulleres asasinadas. Colocado en lugar visíbel –o recibidor de entrada- para que cree conciencia en toda a comunidade educativa. Para o facilitar, téñense feitas as cartolinas cos lazos e quedan nun lugar de doado acceso para o alumnado. Cada vez que unha muller sexa asasinada, o alumnado de 6º, de modo rotativo, cubrirá os datos na cartolina e pegaraos no mural.



4.3.- Inventar eslogan contra a violencia. Escríbeo e decórao en folios.

4.4.-Lectura dalgún conto alternativo aos tradicionais, cuxa protagonista sexa unha muller. (Exemplo: “Contos non sexistas”, Adela Turín, Ed. Lumen)



4.5.- Reflexionar sobre os contos tradicionais: Blancanieves, Cincenta... que papel se asigna ás mulleres? Cambialos de modo que as mulleres aparezan con valores positivos.



4.6.- Elaborar o manifesto que se lerá no acto común do centro.

4.7.- E agora imos traballar, a partir dun conto tradicional concreto:

### Primeiro ciclo de Primaria

Lectura do conto "Blancanieves e os sete ananiños"



- Diálogo dirixido sobre os personaxes do conto, sobre a súa forma de se comportar, cal lles gusta máis, etc.

- Análise de frases propostas polo mestre, para debater posteriormente sobre elas. "As nenas son máis débiles que os nenos"; "Os nenos son máis fortes"; "Os nenos non choran, iso é de nenas", etc.

- Xogamos a "verdadeiro/falso" coas frases anteriores.




- Diálogo dirixido na asemblea sobre a violencia de xénero con preguntas sobre comportamentos no recreo, na clase, nos xogos, etc...



### Segundo ciclo de primaria

Lectura do conto "Barba Azul"

- Imos analizar coas nenas e os nenos o maltrato e a negación da muller, é o conto máis aclarador do papel da muller ao longo dos séculos, unha muller merece o castigo do peche e mesmo da morte xustificado pola súa falta de "virtude".



Coñeces o conto de Barba Azul? Lémosto?... e agora contesta:

- Cres que as esposas de Barba Azul merecen o castigo que reciben? Por que?

- Cres que Barba Azul ten dereito a castigalas? Cres que alguén que ama a outra persoa faría iso?

- Paréceche un conto sexista? Por que?